



Durante a actual lexislatura, os salarios dos funcionarios da Administración Xeral do Estado, siguen a perder poder adquisitivo

Os orzamentos do Estado, recollen un incremento retributivo para os anos 2007 e 2008 dun 3%; que, con carácter xeral, aplicarase a todo o persoal das distintas Administracións Públicas (Estatal, Autonómicas e Locais). Así mesmo, permítese ás distintas Administracións complementar estes incrementos cos acordos que en cada ámbito se pacten.

No caso da Administración Xeral do Estado, durante o mes de novembro do 2007, acadaronse acordos de incrementos retributivos complementarios, consistentes en:

- 1.- Establecemento dun sistema de Carreira Profesional para o persoal da Axencia Estatal Tributaria.
- 2.- Reparto dun 0.3% adicional, destinado a incrementar as retribucións complementarias de determinados colectivos.

Según o rexistro de persoal, dependen da Administración Xeral do Estado un total de 230.000 empregados; e o número de postos de traballo afectados polos incrementos retributivos selectivos alcanza un total de 40.000; polo que os salarios dos restantes 190.000 funcionarios (máis do 75% da plantilla) quedan afectados unicamente polo incremento xeral (3%).

AFECTADOS POR ACORDOS DE INCREMENTOS SELECTIVOS			TOTAL EMPREGADOS AGE	PERSONAL QUE PERDE PODER ADQUISITIVO
Axencia Tributaria	Fondos 0,3	Total		
27.000	13.000	40.000	230.000	190.000

Esto sucede nun momento no que, según declaracións do Ministro de Economía, **“Los Presupuestos para 2008 culminan la legislatura con los mejores resultados económicos de la democracia”**. **“El Estado registró hasta octubre un superávit de 28.218 millones de euros, el 2,68% del PIB”**.

A pesares das promesas feitas por Zapatero durante a campaña electoral, ao respecto de recuperar o poder adquisitivo dos nosos salarios; observamos como, na actual lexislatura, os incrementos retributivos incluídos nos orzamentos situanse un punto porcentual por baixo do alza do IPC.

Ano	% Incremento Retributivo				IPC	Diferencia
	Xeral	Pagas Extra	Fondos AGE	TOTAL		
2004	2	0.7	0.3	3	3.5	-0.5
2005	2	0.7	0.3	3	3.4	-0.4
2006	2	1	0.3	3.3	2.6	+0.7
2007	2	1	0.3	3.3	4.1	-0.8
TOTALS	8	3.4	1.2	12.6	13.6	-1%

Neste contexto, os funcionarios da Administración Xeral do Estado, iniciaremos un proceso de mobilizacións; que comenzará con concentracións diante da Delegación e Subdelegacións do Goberno previstas para os días 14, 19 e 21 de Decembro, entre as 11.00 ea as 11.30 horas. O lema destas mobilizacións será **“ACORDOS PARA TOD@S”**; co que **pretendemos demandar o establecemento dun sistema de carreira administrativa para todo o persoal da Administración Xeral do Estado, a extensión dos acordos de reparto de fondos adicionais a todo este persoal e o establecemento de medidas que compensen a perda de poder adquisitivo.**